



DATOS IDENTIFICATIVOS

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática

Materia	Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática			
Código	V01G230V01109			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Miquel Verges, Joan			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes Miquel Verges, Joan			
Correo-e	jmv@uvigo.es			
Web	http://jmv.webs.uvigo.es			
Descrición xeral	Segundo consta na Memoria oficial do Grao en Tradución e Interpretación [sic]: "Aprendizaxe avanzada do uso das ferramentas informáticas necesarias para a T/I: procesadores de texto, bases de datos, follas de cálculo, programas de TAC, creación de páxinas web, uso de glosarios en liña, etc.".			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE23	Uso de ferramentas de tradución asistida
CE31	Coñecementos de informática profesional e TAC
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Estar en condicións de desenvolver un uso eficiente das ferramentas informáticas máis habituais para a tradución, tanto a nivel autónomo como no traballo en equipo.	CB1	CE10	CT12
	CB2	CE11	CT15
	CB3		
	CB4		
	CB5		

Saber escoller e utilizar con destreza as ferramentas informáticas máis axeitadas para cada situación na práctica profesional da tradución.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE14 CE23	
Coñecer os fundamentos conceptuais e técnicos das ferramentas necesarias para a práctica profesional da tradución.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE31	CT5

Contidos

Tema			
1. Introducción á materia de "Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática".	1.1.- A "Guía Docente" da materia. 1.2.- As guías dos diferentes temas da materia. 1.3.- Características intrínsecas da materia contextualizadas no curso académico. 1.4.- O proceso profesional da tradución: fases e ferramentas informáticas (hardware e software) asociadas. 1.5.- A xestión de proxectos, ferramentas telemáticas e traballo colaborativo no ámbito da informática aplicada á tradución.		
2. Tradución e tecnoloxías: a ofimática avanzada aplicada á tradución.	2.1.- Funcións avanzadas dos procesadores de texto e das follas de cálculo relacionadas co ámbito profesional da tradución e coa maquetación profesional de documentos (inclúe tarefas de uso das TIC e de traballo en nube). 2.2.- A telemática, e a creación, tradución e hospedaxe de páxinas web (inclúe tarefas de uso das TIC e de traballo en nube). 2.3.- Os programas lexicográficos, as bases de datos e as follas de cálculo relacionados co ámbito profesional da tradución (inclúe tarefas de uso das TIC e de traballo en nube).		
3. Tradución e tecnoloxías: a tradución asistida por ordenador TAO.	3.1.- Introducción á tradución asistida por ordenador TAO. 3.1.1.- A tradución totalmente automática TTA versus a tradución asistida por ordenador TAO. 3.1.2.- Definición da TAO. 3.1.3.- Características da TAO. 3.1.4.- Tipoloxía dos programas de TAO. 3.1.5.- Principais programas de TAO. 3.2.- Estudos de caso dun programa específico de TAO. 3.2.1.- A configuración básica do programa de TAO: as opcións. 3.2.2.- A configuración do entorno do programa de TAO: escritura automática, autoensamblaxe, autopropagación, autocomprobación, autoenvío á memoria, etc. 3.2.3.- A interface de usuario de traballo do programa de TAO. 3.2.4.- O xestor de proxectos de tradución do programa de TAO. 3.2.5.- O xestor de memorias de tradución do programa de TAO. 3.2.6.- O xestor de terminoloxía do programa de TAO. 3.2.7.- O xestor de proxectos de alíñación do programa de TAO. 3.2.8.- Cuestións relacionadas co entorno profesional do programa de TAO: formatos, estándares, contaxe de unidades a facturar, orzamentos, facturación, optimización, etc. 3.2.9.- Traducir, pretraducir e pseudotraducir no programa de TAO.		
4. Introducción á tradución e ás novas tecnoloxías: a tradución multimedia TM.	4.1.- A tradución audiovisual TAV: a dobraxe, o subtítulado e as voces superpostas ou voice-over. 4.2.- A localización L10N: a localización de páxinas web, a localización de programas informáticos e a localización de videoxogos.		

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	6.13	9.15	15.28
Prácticas con apoio das TIC	23.62	61	84.62
Seminario	12.25	31.85	44.1
Seminario	4.25	0	4.25
Exame de preguntas obxectivas	1.75	0	1.75

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición	
Actividades introdutorias	- Sesión introdutoria sobre a materia contextualizada no grao de tradución e interpretación, no módulo de ferramentas, no curso académico e no proceso profesional da tradución. - Sesión introdutoria sobre a "Tradución e as novas tecnoloxías: a tradución multimedia TM".
Prácticas con apoio das TIC	- Práctica sobre "Tradución e tecnoloxías: a ofimática avanzada aplicada á tradución" consistente na realización de tres encomendas (so unha delas avaliable) relacionadas co ámbito profesional da tradución.
Seminario	- Seminario monográfico práctico sobre a "Tradución e tecnoloxías: a tradución asistida por ordenador TAO" consistente na realización de tres encomendas (so unha delas avaliable) relacionadas co ámbito profesional da tradución.
Seminario	- Titoría en grupo relacionada coa proba práctica e a proba de tipo test nº 1. - Titoría en grupo relacionada coa proba práctica e a proba de tipo test nº 2.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	Comentario personalizado das diferentes probas realizadas polo alumnado.
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Comentario personalizado das diferentes probas realizadas polo alumnado.

Avaliación

Descrición		Cualificación	Competencias Avaliadas		
Prácticas con apoio das TIC	- Proba práctica, de execución de tarefas reais e/ou simuladas, relacionada coa "Tradución e tecnoloxías: a ofimática avanzada aplicada á tradución" (que integra o uso das TIC) constituída por tres encomendas; pero so unha delas avaliable (45%).	70	CB1	CE10	CT5
	- Proba práctica, de execución de tarefas reais e/ou simuladas, relacionada coa "Tradución e tecnoloxías: a tradución asistida por ordenador TAO" (que integra o uso das TIC) constituída por tres encomendas; pero so unha delas avaliable (25%).		CB2	CE11	CT12
Exame de preguntas obxectivas	- Exame de preguntas obxectivas para validar os coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado na realización da proba práctica sobre "Tradución e tecnoloxías: a ofimática avanzada aplicada á tradución"; e, tamén, para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos de maneira autónoma polo alumnado relacionados cos temas pertinentes (15%).	30	CB3	CE14	CT15
	- Exame de preguntas obxectivas para validar os coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado na realización da proba práctica sobre a "Tradución e tecnoloxías: a tradución asistida por ordenador TAO" e a "Tradución e as novas tecnoloxías: a tradución multimedia TM"; e, tamén, para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos de maneira autónoma polo alumnado (15%).		CB4	CE23	
			CB5	CE31	

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Consideracións de tipo xeral relacionadas coa avaliación da materia: Fontes en liña para o seguimento das actividades relacionadas, directa ou indirectamente, coa avaliación da materia

Para poder estar informado/a puntual e detalladamente ao respecto de todas as cuestións relacionadas, directa ou indirectamente, coa avaliación da materia, en especial das datas de realización e/ou entrega das diferentes probas teóricas e/ou encomendas prácticas e da súa cualificación; o alumnado ten a obriga de consultar as seguintes fontes en liña de seguimento das actividades da materia; habilitadas para este mester polos/as docentes da materia y que actualízanse cada curso académico:

1.1. **Preliminares:** A delegada de protección de datos da UVigo redactou o 3 de febreiro de 2020 un conxunto de "Recomendacións sobre a publicación das cualificacións do alumnado" (<http://jmv.webs.uvigo.es/evaluacion/publicacion-das-cualificacions-do-alumnado.pdf>) que son as que van seguirse escrupulosamente nesta materia.

1.2. **Horarios e/ou titorías da materia:** Pódense consultar os horarios e/ou as titorías da materia na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/horario.htm>. Os posíbeis cambios puntuais que se poidan realizar por causas varias vanse anunciar na páxina web de "anuncios" en <http://jmv.webs.uvigo.es/anuncios.htm> e/ou a través do foro de anuncios da plataforma de teledocencia MooVi da materia (<http://moovi.uvigo.gal>). Por illo, é conveniente que o alumnado consulte sempre as devanditas fontes de anuncios antes de acudir ás titorías.

1.3. Cualificacións da materia. Seguindo as "Recomendacións sobre a publicación das cualificacións do alumnado" explicitadas anteriormente: i) "A publicación das cualificacións debe garantir o coñecemento por tódolos estudantes das súas cualificacións e das dos compañeiros de grupo e estando limitado o acceso aos profesores da materia ou grupo e do alumnado do mesmo", polo que todas as cualificacións da materia vanse publicar, exclusivamente, na páxina web xestionada por la UVigo <http://jmv.webs.uvigo.es/evaluacion.htm> (protexidas por un nome de usuario/a e unha contrasinal) e/ou na plataforma de teledocencia MooVi da materia (<http://moovi.uvigo.gal>). ii) "Os listados coas cualificacións deben manterse expostos unicamente durante o tempo preciso para que cumpran co seu cometido", polo que os devanditos listados estarán dispoñibles so durante o curso académico en curso.

1.4. Planificación "idea e real" das actividades da materia. A programación "ideal" das actividades da materia considérase como a programación "a priori" das actividades da materia, antes de empezar a súa docencia. Pódese, de maneira xeral, consultar na Guía Docente (fonte oficial, sen datas específicas); e, de maneira resumida e coas datas explícitas, na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm> ou no calendario, por días, dispoñible na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/horario.htm#planificacion-ideal-calendario>. Esta información actualízase diariamente á "realidade" do momento na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm>

2. Primeira edición de actas da materia

Na primeira edición de actas da materia o alumnado vai ter ao seu dispor dúas modalidades de avaliación diferentes e excluíntes: a modalidade de "avaliación continua" e a modalidade de "avaliación única". Pode acollerse á primeira modalidade de avaliación continua calquera alumno/a que estea matriculado/a oficialmente na materia, sen ningún requisito previo; so entregado as encomendas ou facendo as probas tipo test en tempo e forma. Pode acollerse á segunda modalidade de avaliación única so aquel alumnado que non se acolla previamente á primeira modalidade de avaliación continua; e, de ser o caso, tampouco fai falta que o comunique de antemán. Noutras palabras, se un/unha alumno/a entrega unha encomenda ou fai unha proba tipo test na avaliación continua, queda automaticamente excluído/a da avaliación única.

2.1. Modalidade de "avaliación continua"

A modalidade de "avaliación continua", como o seu nome indica, está pensada para o alumnado que teña previsto asistir ás sesións presenciais da materia e entregar as diferentes encomendas e facer as diferentes probas tipo test en tempo e forma.

Si ben a asistencia do alumnado ás clases é un dereito, pero non un deber; é o profesorado quen debe habilitar os medios necesarios para facilitar a avaliación continúa ao alumnado que non asista ás clases. Por todo illo:

- Aínda que non é obrigatoria a asistencia as devanditas sesións-horas presenciais para poder acollerse a esta modalidade de avaliación, desaconséllase a mesma a aquel alumnado que non poida asistir a un mínimo do 80% das sesións presenciais.
- En calquera caso, o alumnado que decida acollerse a esta modalidade sen asistir ás sesións presenciais vai ter exactamente os mesmos dereitos e as mesmas obrigas que os/as que si asistan as sesións presenciais.
- O alumnado que decida acollerse a esta modalidade sen asistir ás sesións presenciais non van ter tampouco ningún tipo de trato preferente e/ou de axuda adicional polo devandito feito. Por exemplo, é responsabilidade súa estar informados/as sobre as datas de entrega das diferentes probas e/ou das datas de realización das probas presenciais se as houbera; tamén é responsabilidade súa conseguir o material que os/as docentes da materia poidan distribuír nas clases presenciais, e/ou deixar na web ou na plataforma de teledocencia MooVi. Tampouco poden esixir "clases particulares"; aínda que, obviamente, poden consultar as súas dúbidas nas horas de tutoría, como os/as demais alumnos/as da materia.
- Por último, para evitar "suplantacións de identidade", o alumnado que decida acollerse á modalidade de avaliación continua, obrigatoriamente, vai ter que estar dado de alta na plataforma de teledocencia MooVi da materia e completar o seu perfil de alumno/a cunha fotografía súa actualizada e recoñecible. En calquera caso, o estatuto do estudante universitario permite ao persoal docente solicitar a identificación do estudantado (sexa cal sexa a súa modalidade de avaliación), sempre que sexa necesario: o cal deberá mostrar a súa tarxeta de estudante ou documento de identificación (art. 25.7). Nun ambiente en liña, tamén se pode solicitar ao estudantado que se identifique amosando a devandita documentación.

Na procura da equidade de todo o alumnado da materia, independentemente da asistencia ou non ás sesións presenciais, polo feito de non ser imputable ao alumnado, vanse ter en conta as especiais circunstancias de: 1) O alumnado de selectividade da convocatoria de setembro e o alumnado de intercambio (Erasmus, Sócrates, SICUE, etc.) que normalmente incorpórase máis tarde á docencia do curso; 2) O alumnado con algún tipo de necesidade específica de apoio educativo, sempre e cando a devandita necesidade estea avalada polo "Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo (PIUNE)" (<https://www.uvigo.gal/campus/atencion-diversidade/que-podemos-axudar>); 3) Calquera outro caso que, segundo os/as docentes da materia, requira dun tratamento da avaliación diferenciado. Fora

destas tres excepcións, o resto do alumnado será tratado sempre de igual maneira (cos mesmos dereitos e coas mesmas obrigas).

O alumnado que se acolla á modalidade de avaliación continua poderá (e deberá) ir acumulando nota ao longo do curso até un máximo de 10,0 puntos posíbeis (o 100% da nota final da materia).

Para aprobar a materia na avaliación continua desta primeira oportunidade oficial de avaliación o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos sumando a cualificación obtida nas probas prácticas e a cualificación obtida nas probas de tipo test obtidas na avaliación continua da materia. Unha vez obtida esta cualificación, se quere, non fai falta que entregue ningunha práctica/proba máis.

A cualificación final obtida vai ser inamovíbel, salvo error manifesto de cómputo nas cualificacións, alegacións tidas en conta dentro do período contemplado para illo, e/ou circunstancias moi excepcionais que serán estudadas polos/as docentes da materia. De existir algunha variación nas cualificacións, estas van ser sempre publicadas na web o na plataforma de teledocencia MooVi da materia e poderán ser consultadas por todo o alumnado da materia.

O alumnado da avaliación continua que non supere a devandita primeira oportunidade de avaliación NON PODERÁ presentarse despois á avaliación única da primeira oportunidade de avaliación oficial. Para poder aprobar a materia vai ter que presentarse á avaliación única da segunda oportunidade de avaliación oficial.

2.1.1. Cronograma de traballo na avaliación continua da primeira oportunidade da materia

O calendario académico da Facultade de Filoloxía e Tradución (FFT), aprobado en Xunta de Centro, réxese polo Calendario Académico do curso en cuestión aprobado en Consello de Goberno.

As actividades docentes nos graos do centro no primeiro cuadrimestre (que é cando se imparte esta materia) comezan o luns 06/09/2021 e rematan o mércores 22/12/2021. A duración das sesións varía en función das horas que corresponden ás materias que, no caso das materias de 48 horas (que é o número de horas desta materia) é de 1,75h ou 01h45' ou 105 minutos de docencia efectiva por cada oco horario de 2,00h ou 02h00' ou 120 minutos.

Insto quere dicir que, para dar cumprimento ás 48,00h ou 48h00' ou 2880 minutos de docencia efectiva da materia, tendo en conta que a materia ten 2 clases á semana de 1,75h ou 01h45' ou 105 minutos de docencia efectiva (isto é, 3,50h ou 03h30' ou 210 minutos), precísanse 13,71 semanas de docencia. É por illo que imos establecer o cronograma de traballo na avaliación continua da primeira oportunidade da materia tendo en conta as devanditas 14 semanas. No cronograma indicaranse so os ocos horarios en total sen ter en conta a docencia efectiva.

PRIMEIRA PARTE DO CURSO: 1 ENCOMENDA (4,50 puntos), 1 PROBA TEST (1,50 puntos); 6,00 PUNTOS)

1ª-9ª semana (9 semanas; 16 clases)

34,00h de clase repartidas en 32,00h de docencia, entrega de 1 práctica, 1,00h de 1 exame tipo test e 1,00h de 1 titoría en grupo. Todo illo sen contabilizar as perdas de tempo por cambios de aula.

Semana nº 1 (4h00'):

- TEMA-1: Actividade introdutoria (3h00').
- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-1 (1h00').

Semana nº 2 (4h00'):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-1 (4h00').

Semana nº 3 (4h00'):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-1 (4h00').

Semana nº 4 (4h00'):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-2 (4h00').

Semana nº 5 (4h00'):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-2 (2h00').
- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-3 (2h00').

Semana nº 6 (4h00'):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-3 (4h00').

Semana nº 7 (4h00'):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Práctica en aula informática. PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-3 (2h00').
- TEMA-2, MÓDULO-1: Sorteo para decidir a encomenda a entregar da PRÁCTICA-1 (ENCOMENDA-1, ENCOMENDA-2 ou ENCOMENDA-3).
- TEMA-2, MÓDULO-1: Período de finalización da PRÁCTICA-1 a entregar (2h00').

Semana nº 8 (4h00'):

- TEMA-2, MÓDULO-1: Período de finalización da PRÁCTICA-1 a entregar (4h00').
- TEMA-2, MÓDULO-1: Entrega da PRÁCTICA-1 a avaliar; máximo de 4,50 puntos.

Semana nº 9 (2h00'):

- TEMA-1 E TEMA-2, MÓDULO-1: Proba de tipo test TEST-1; máximo de 1,50 puntos (1h00').
- TEMA-1 E TEMA-2, MÓDULO-1: Titoría en grupo. Comentario da PRÁCTICA-1 e do TEST-1 realizados (01h00').

SEGUNDA PARTE DO CURSO: 1 ENCOMENDA (2,50 puntos), 1 PROBA TEST (1,50 puntos); 4,00 PUNTOS)

9ª-14ª semana (6 semanas, 10 clases)

20,00h de clase repartidas en 18,00h de docencia, entrega de 1 práctica, 1,00h de 1 exame tipo test e 1,00h de 1 titoría en grupo. Todo illo sen contabilizar as perdas de tempo por cambios de aula.

Semana nº 9 (4h00'):

- TEMA-3: Seminario. PRÁCTICA-2, Introducción (2h00').

Semana nº 10 (4h00'):

- TEMA-3: Seminario. PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-1 NON AVALIABLE (2h00').
- TEMA-3: Seminario. PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-2 NON AVALIABLE (2h00').

Semana nº 11 (4h00'):

- TEMA-3: Seminario. PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-2 NON AVALIABLE (2h00').
- TEMA-3: Seminario. PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-3 AVALIABLE (2h00').

Semana nº 12 (4h00'):

- TEMA-3: Seminario. PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-3 AVALIABLE (4h00').
- TEMA-3: Entrega da PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-3 a avaliar; máximo de 2,50 puntos.

Semana nº 13 (4h00'):

- TEMA-4: Actividade introdutoria (4h00').

Semana nº 14 (2h00'):

- TEMA-3 E TEMA-4: Proba de tipo test TEST-2; máximo 1,50 puntos (1h00').
- Realización das Enquisas de Avaliación Docente (EAD) presencial da materia (se é posible realizala).
- TEMA-3 E TEMA-4: Titoría en grupo. Comentario da PRÁCTICA-2 e do TEST-2 realizados (1h00').

2.1.2. Probas prácticas (prácticas ou encomendas) da materia

Constitúe o 70% da cualificación final total da materia (isto é, 7,0 puntos sobre os 10,0 posíbeis). Consistirá na realización dun conxunto de probas prácticas (prácticas ou encomendas), de execución de tarefas reais e/ou simuladas relacionadas

coa "Tradución e tecnoloxías: a ofimática avanzada aplicada á tradución" (45% da cualificación final total) e coa "Tradución e tecnoloxías: a tradución asistida por ordenador TAO" (25% da cualificación final total).

Cada unha das probas prácticas terá unhas pautas concretas de obrigado cumprimento como son un tempo limitado de execución, unha data máxima de entrega e uns parámetros específicos de realización (programas e/ou versións concretos a empregar, formatos específicos de traballo, métodos concretos de entrega, etc.). Calquera proba entregada que non cumpra cos requisitos esixidos será penalizada segundo os parámetros de avaliación establecidos de antemán. A "rúbrica" da corrección será entregada xuntamente co enunciado de cada proba práctica.

Aínda que a planificación e a estrutura xeral das probas poida ser semellante en cada curso académico as probas son sempre diferentes. Ademais, para evitar a copia das mesmas entre o alumnado da materia, existe un conxunto de mecanismos habilitados para detectar posibles copias e/ou plaxios. No caso de detectar algunha copia e/ou plaxio entre o alumnado e/ou algún intento de entregar unha práctica de cursos pasados, as persoas involucradas na copia e/ou plaxio serán automaticamente expulsadas da avaliación continua e a cualificación que constará na mesma será a de SUSPENSO/A (0,0 puntos).

Cada proba poderá entregarse unha soa vez. No caso de entregar mais dunha vez unha proba dentro do prazo establecido vai considerarse como válida a última das versións entregadas (pero, de entregarse novamente, hai que volvela a entregar toda). Unha vez expirado o prazo máximo de entrega non se aceptará proba algunha (agás circunstancias especiais que valoraran os/as docentes da materia); e as probas non entregadas cualificaranse con NON PRESENTADO/A (N.P.; no caso de que o/a alumno/a en cuestión non opte pola modalidade de avaliación continua) ou SUSPENSO/A (0,0 puntos; no caso de que o/a alumno/a en cuestión opte pola modalidade de avaliación continua).

Vanse establecer diferentes quendas de entrega das probas prácticas de maneira que, unha vez rematadas as sesións presenciais de cada encomenda ou suposto, o alumnado dispuña aínda, como mínimo, dunha semana complementaria para poder acabalas de maneira autónoma (por si fose o caso de ter que dispor de mais tempo para illo).

P1; PROBA PRÁCTICA Nº 1 (Tema-2). Na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm> pódense consultar todos os pormenores actualizados desta proba práctica. Está relacionada co Tema-2 ("Tradución e tecnoloxías: a ofimática avanzada aplicada á tradución"); e o obxectivo desta práctica é aplicar os coñecementos e destrezas adquiridos neste tema ao ámbito específico da tradución profesional. A práctica constitúe un máximo de 4,5 puntos da avaliación continua da materia. Consiste na realización e posterior entrega de 1 das 3 encomendas ou supostos prácticos de tradución relacionados con este ámbito. A entrega desta primeira práctica vai ser na 8ª semana do curso.

Se o alumnado asiste regularmente ás clases presenciais terá realizado xa, aproximadamente, o 80% da práctica (en calquera das 3 encomendas ou supostos prácticos); o 20% restante forma parte do traballo a realizar de maneira autónoma por parte do alumnado segundo explícita as directrices de Bolonia. As tres encomendas conteñen tamén aspectos relacionados coas novas tecnoloxías da tradución e a comunicación TIC e a xestión de proxectos, as ferramentas telemáticas e o traballo colaborativo no ámbito da tradución profesional. Unha vez finalizadas as horas de clase asociadas a esta proba vaise facer un sorteo público para decidir cal das 3 encomendas vaise ter que entregar para ser avaliada. A partir dese momento, o alumnado vai dispor dun período de tempo adicional (de como mínimo 1 semana) para poder acabar na aula informática (o pola súa conta) a encomenda escollida para a súa entrega.

- **P1-E1; PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-1:** Relacionada coa ofimática avanzada aplicada á tradución e centrada nas funcións avanzadas dos procesadores de texto e das follas de cálculo relacionadas co ámbito profesional da tradución e coa maquetación profesional de documentos (Tema-2).
- **P1-E2; PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-2:** Relacionada coa ofimática avanzada aplicada á tradución e centrada na telemática, e a creación, tradución e hospedaxe de páxinas web (Tema-2).
- **P1-E3; PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-3:** Relacionada coa ofimática avanzada aplicada á tradución e centrada nos programas lexicográficos, nas bases de datos de todo tipo e nas follas de cálculo relacionados co ámbito profesional da tradución (Tema-2).

P2; PROBA PRÁCTICA Nº 2 (Tema-3). Na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm> pódense consultar todos os pormenores actualizados desta proba práctica. Está relacionada co Tema-3 ("Tradución e tecnoloxías: a tradución asistida por ordenador TAO"); e o obxectivo desta práctica é aplicar os coñecementos e destrezas adquiridos neste tema no ámbito profesional da tradución. A práctica constitúe un máximo de 2,5 puntos da avaliación continua da materia. Consta de tres encomendas prácticas, das que a "ENCOMENDA-1" e a "ENCOMENDA-2" son non avaliábeis e soamente van servir para adquirir experiencia cara á "ENCOMENDA-3", que si vai ser avaliábel. A entrega desta segunda práctica vai ser na 12ª semana do curso.

- **P2-E1; PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-1:** Relacionada coa tradución asistida por ordenador TAO; é non avaliábel e soamente vai servir para adquirir experiencia cara á "ENCOMENDA Nº 3", que si é avaliábel (Tema-3).

- **P2-E2; PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-2:** Relacionada coa tradución asistida por ordenador TAO; é non avaliable e soamente vai servir para adquirir experiencia cara á "ENCOMENDA Nº 3", que si é avaliable (Tema-3).
- **P2-E3; PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-3:** Relacionada coa tradución asistida por ordenador TAO; o valor total desta encomenda é de 2,5 puntos (Tema-3).

2.1.3. Exames tipo test (de preguntas obxectivas) da materia

Na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm> pódense consultar todos os pormenores actualizados destes exames tipo test (de preguntas obxectivas) da materia. Constitúen o 30% da cualificación final total da materia (isto é, 3,0 puntos sobre os 10,0 posíbeis). Consistirá na realización de dos exames tipo test (de preguntas obxectivas) para avaliar os coñecementos relacionados coas competencias da materia.

As preguntas van dirixidas, de maneira particular, a validar os coñecementos e destrezas adquiridos na realización das diferentes probas prácticas relacionadas coas competencias da materia; e, de maneira xeral, para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos nos diferentes temas 1, 2, 3 e 4 relacionados coas competencias da materia.

No caso de detectar algunha copia entre o alumnado, as persoas involucradas na copia serán automaticamente expulsadas da avaliación continua e cualificadas con SUSPENSO/A (0,0 puntos) na avaliación continua da materia.

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas; e, antes do inicio de cada exame, vaise establecer (de maneira moi clara e por escrito) as posíbeis penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco. Estes parámetros poden variar dun exame a outro desta avaliación continua ou da avaliación final.

- **T1; TEST-1:** Está relacionado co Tema nº 1 ("Introdución á materia de 'Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática'"), o Tema nº 2 ("Tradución e tecnoloxías: a ofimática aplicada á tradución"), e a proba Práctica nº 1 da materia. A realización deste primeiro exame de preguntas obxectivas vai ser na 8ª semana do curso.
- **T2; TEST-2:** Está relacionado co Tema nº 3 ("Tradución e tecnoloxías: a tradución asistida por ordenador TAO"), o Tema nº 4 ("Introdución á tradución e ás novas tecnoloxías: a tradución multimedia TM"), e á proba Práctica nº 2 da materia. A realización deste segundo exame de preguntas obxectivas vai ser na 14ª semana do curso.

Na medida do posíbel vaise tentar respectar a programación establecida "a priori"; pero, obviamente, a mesma fica suxeita a posíbeis cambios de última hora debidos a imprevistos de tipo persoal, académico e/ou técnico (que serían oportunamente informados a todo o alumnado da materia a través de todos os medios dispoñíbeis para illo).

2.2. Modalidade de "avaliación única"

Lembrede que so pode realizar esta modalidade de "avaliación única" o alumnado que non entregou nin fixo ningunha práctica ou proba tipo test durante a avaliación continua da materia. No momento que un/unha alumno/a entrega unha práctica e/ou fai unha proba tipo test na avaliación continua queda automaticamente excluído/a da avaliación única da primeira edición de actas da materia.

O alumnado que se acolla á modalidade de avaliación única na primeira edición de actas da materia vai ter que realizar un único exame de preguntas obxectivas cun valor máximo de 10,0 puntos en total (o 100% da nota final).

Nesta modalidade de avaliación única tamén é requisito que o alumnado estea dado de alta na plataforma de teledocencia MooVi da materia; neste caso, para que poida facer o exame de preguntas obxectivas no MooVi da materia. Al igual que no caso da avaliación continua, se o require o persoal docente, tamén vai ter que identificarse o día do exame con algún documento oficial onde conste o seu nome e apelidos e a súa fotografía.

Nesta modalidade de avaliación única da primeira edición de actas da materia, dada a especial idiosincrasia desta materia e dos especiais requisitos de hardware e software que precisa "a priori"; por razóns de tempo, infraestrutura e de procedemento, basicamente, non se vai esixir ao alumnado (a diferenza da avaliación continua) que faga ningunha proba/encomenda práctica. Sen embargo, neste exame de preguntas obxectivas, váiselle esixir (entre outras cuestións) que probe que sabería facelas se fose necesario (que sabería utilizar os programas, formatos, procedementos, metodoloxías, etc., esixíbeis para a súa realización).

Así, pois, as preguntas deste exame de preguntas obxectivas estarán relacionadas, de maneira xeral, con aspectos teóricos e prácticos da materia; pero, de maneira particular, tamén coas probas prácticas de execución de tarefas reais e/ou simuladas realizadas na modalidade de avaliación continua da primeira oportunidade de avaliación oficial.

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas; e, antes de cada exame, vaise establecer (de maneira moi clara e por escrito) as posíbeis penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco. Estes parámetros poden variar ao respecto dos diferentes exames de preguntas obxectivas da

modalidade de avaliación continua realizados.

De detectarse algún intento de copia no exame de preguntas obxectivas, o alumnado involucrado será de inmediato cominado a abandonar a aula e o seu exame será cualificado con SUSPENSO/A (0,0 puntos).

Para aprobar a materia nesta avaliación única da primeira edición de actas da materia o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos no exame de preguntas obxectivas (sen excepción algunha).

Por acordo da Xunta de Facultade da FFT do 03/06/16, "O exame / A proba/ A entrega de traballos para o alumnado de avaliación única será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta de Facultade da FFT".

3. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS DA MATERIA

A segunda edición de actas da materia rexerase polos mesmos parámetros que a primeira edición de actas da materia na súa modalidade de avaliación única. Con todo, os parámetros relacionados coas posibles penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco no exame de preguntas obxectivas poden variar ao respecto desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Miquel-Vergés, J., **Blog de Joan Miquel-Vergés**, <https://jmiquelv.blogspot.com/2021>, FFT-UVigo, 2021

Miquel-Vergés, J., **Espazo web de Joan Miquel-Vergés**, <http://jmv.webs.uvigo.es>, FFT-UVigo, 2021

Miquel-Vergés, J., **Twitter de Joan Miquel-Vergés**, <https://twitter.com/jmiquelv2021>, FFT-UVigo, 2021

Martín-Mor, A.; Piqué, R.; Sánchez-Gijón, P., "Cambios en el paradigma de la traducción digitalizada". En IX Simposio sobre la traducción, la terminología y la interpretación Cuba-Quebec-Canadá, La Habana, 10/12/14, http://jmv.webs.uvigo.es/docs/2014_martin_pique_sanchez.pdf, ACTI, 2014

Olalla-Soler, C.; Vert-Bolaños, O., "Traducción y tecnología: uso y percepción de las tecnologías de la traducción. El punto de vista de los estudiantes". En Revista Tradumática, 11:338-356, ISSN: 1578-7559; <http://www.raco.cat/index.php/Tradumatica/article/>, UAB, 2013

Piqué, R. y Sánchez-Gijón, P., "La digitalización del proceso de traducción tareas y herramientas". En I Congreso Internacional de Traducción Especializada. Buenos Aires, 27/07/06, <http://tradumatica.net/pique/master/ponencia.pdf>, UAB, 2006

Zetzsche, J., **The Translator's Tool Box. A Computer Primer for Translators. Version 14**, <http://jmv.webs.uvigo.es/docs/ToolBox14/index.html#t=toolbox%2Ffrontmatter%2Ffrontmatter.htm>, Version 14, 2020, International Writers' Group, LLC, 2020

Bibliografía Complementaria

Bowker, L., **Computer-Aided Translation technology: A practical introduction**, ISBN: 0776630164, 0776605380.

Signatura FFT: FFT 801:681.3 BOW com, University of Ottawa Press, 2002

Chan, Sin-wai, **The future of translation technology: towards a world without Babel**, ISBN: 9780367409050.

Signatura FFT 82.03 CHA fut, Routledge, 2019

Corpas, G.; Varela, M. J., **Entornos informáticos de la traducción profesional: las memorias de traducción**, ISBN: 8496101150. Signatura FFT: FFT 82.03 ENT inf, Atrio, 2003

Díaz-Fouces O.; García-González, M. (eds.), **Traducir (con) software libre**, ISBN: 9788498364873, Signatura FFT: FFT 82.03 TRA con, Comares, 2008

O'Hagan, M., **The Routledge Handbook of Translation and Technology**, ISBN: 9781138232846. Signatura FFT 82.03 ROU han, Routledge, 2020

Oliver-González A., **Herramientas tecnológicas para traductores**, ISBN: 9788490647516 (rústica), 978-8491160427 (PDF). Signatura FFT: FFT 82.03 OLI her, UOC, 2016

Oliver-González, J.A.; Moré, J.; Climent, S. (coords.), **Traducción y tecnologías**, ISBN: 9788497887403 (Rústica), 9788497883658 (EPUB), 9788490296196 (PDF). Signatura FFT: FFT 82.03 O, UOC, 2008

Reineke, D. (coord.), **Traducción y localización: mercado, gestión y tecnologías**, ISBN: 8496577082, 9788496577084. Signatura FFT: FFT 82.03 TRA ylo, Anroart Ediciones, 2005

Santilli, D. (coord.), **Manual de informática aplicada a la traducción, 2ª edición revisada**, ISBN: 9789871763245. Signatura FFT 82.03 MAN, CTPCBA, 2017

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931

Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01924

Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01923

Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01922

Outros comentarios

1) A diferenza da maioría das materias do grao, non se utilizará a plataforma de teledocencia MooVi (<http://moovi.uvigo.gal>)

como elemento exclusivo ou preferente para a docencia desta materia.

Nesta materia vaise reservar o uso da plataforma de teledocencia MooVi, preferentemente, para contactar co alumnado a través dos foros de anuncios, noticias e consultas que se poidan crear ou a través do servizo de mensaxería incorporado; e, tamén, para todo o relacionado coa avaliación docente da materia. Neste último caso, seguindo a recomendación da delegada de protección de datos da UVigo (dpd@uvigo.gal) ao respecto do lugar de publicación das cualificacións do alumnado (<http://jmv.webs.uvigo.es/evaluacion/publicacion-das-cualificaciones-do-alumnado.pdf>), que [sic] "recomenda para a publicación dos listados de cualificacións o emprego da plataforma de formación dixital da UVigo (na que o acceso do alumnado é restrinxido non só por canto esixe a súa previa identificación electrónica senón porque a alta nas distintas materias a outorgan os servizos informáticos en función das disciplinas nas que consta oficialmente matriculado/a)." Por contra, como elemento preferente para a docencia da materia usarase o espazo web da materia <http://jmv.webs.uvigo.es> xestionado pola UVigo.

É responsabilidade do alumnado da materia consultar no MooVi e no espazo web da materia toda a información e documentación contida nas mesmas, así como as actualizacións que poidan ter lugar nas mesmas durante o curso académico. No hipotético caso de que o persoal docente da materia opte tamén por usar o espazo web como lugar de publicación dos listados de cualificacións (como alternativa ou de maneira combinada co MooVi), a información vaise protexer cun nome de usuario/a e unha contrasinal (que serán facilitados ao alumnado da materia ao inicio do curso). Lembrade a este respecto que os espazos web da UVigo (a diferenza, por exemplo, doutros espazos de almacenaxe virtual como poidan ser Dropbox ou Google Drive que recoméndanse non empregar para este tipo de funcións) son espazo virtuais de almacenamento seguros, que cumpren con todos os regulamentos de seguridade e de protección de datos. A diferenza dos espazos web xestionados directa ou indirectamente pola UVigo, en espazos web como Dropbox ou Google Drive non é posible un control total do contido e do tipo de servizo prestado; polo que non está garantido nos mesmos o establecido no "Reglamento General de Protección de datos (RGPD)".

2) Esta materia proporciona a adquisición de coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas básicas (hardware e software) de tipo xeral relacionadas coa tradución.

Para adquirir coñecementos e destrezas no manexo de ferramentas informáticas especializadas relacionadas coa tradución, e, sobre todo, relacionadas co ámbito da tradución multimedia (tradución audiovisual e localización), considérase imprescindible cursar no 4º curso do Grao: i) A materia de "Ferramentas para a Tradución e Interpretación V: Informática avanzada" [que consolida e amplía os coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas de tradución asistida adquiridos na materia de 1º curso do grao; e, ademais, proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da localización: a localización de páxinas web, a localización de programas informáticos, e, a localización de videoxogos)]; e; ii) Algunha das combinacións lingüísticas da materia de "Tradución medios audiovisuais" [que proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da tradución audiovisual: o subtítulado, a dobraxe, e, as voces superpostas ou "voice-over")].

Dese xeito pódese atinxir un dominio satisfactorio dos coñecementos e das destrezas das principais ferramentas informáticas (hardware e software) relacionadas coa práctica profesional da tradución e a interpretación glosados na listaxe de competencias do Grao (xenéricas e especializadas).

3) Dado que para o desenvolvemento e a avaliación da materia atinxen tanto as horas de traballo presenciais na aula informática como as horas de traballo persoal autónomo do alumnado, considérase imprescindible a asistencia (presencial ou virtual síncrona, se é o caso) do alumnado ás primeiras sesións (3 horas) introdutorias da materia (no grupo que teña asignado/a) coa finalidade de estar informado/a do funcionamento da materia, dos contidos, da planificación e metodoloxías docentes que vanse empregar, dos mecanismos de seguimento da docencia, etc. En particular, vai poder contar coa suficiente información para poder decidir a modalidade de avaliación que quere seguir.

4) A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo, proba tipo test ou exame suporá automaticamente a cualificación de suspenso/a (0,0 puntos) na cualificación da materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou

non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen e metodoloxías docentes que se modifican

De maneira xeral, no caso de impartición da docencia en modalidade non presencial, a actividade docente impartirase mediante Campus Remoto e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Fatic como reforzo e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No que atinxe ao plan de continxencia sobre a modalidade mixta, en particular, na que unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

De maneira xeral, no que atinxe ás titorías, ademais de presencialmente, as sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico; videoconferencia a través de Skype, Zoom, Teams, do despacho virtual do Campus Remoto, etc.; foros de MooVi...) baixo a modalidade de concertación previa.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

En caso de ter que adoptar medidas excepcionais que afecten á presencialidade da materia, por tal como está estruturada a materia, illo non vai afectar aos contidos da mesma.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Non se require.

* Outras modificacións

Non proceden.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non procede ningún tipo de adaptación da avaliación, agás, de ser preciso, do uso de medios telemáticos para a mesma.
